



NARÓN



8 de abril
Día Internacional do
Pobo Xitano



NARÓN

O 8 de abril celébrase o Día Internacional do Pobo Xitano para lembrar a historia do pobo xitano e render homenaxe ás vítimas xitanas do xenocidio nazi, así como das distintas persecucións ao longo dos séculos.

Esta data elixiuse en homenaxe ao I Congreso Mundial Roma/Xitano, organizado en Londres o 8 de abril de 1971. No devandito congreso instituíronse a bandeira e o himno xitano. Ademais, acordouse ratificar o romanó como lingua das persoas xitanas e o termo roma (en romanó, persoa) para referirse aos xitanos e xitanas.

Nun proceso de avance no necesario e xusto recoñecemento institucional do pobo xitano, desde hai uns anos o 8 de abril está a adquirir gran notoriedade, servindo de ocasión para distintas celebracións e comunicacións.

A celebración deste día inclúe tradicionalmente 4 tipos de accións:

1. Izado da bandeira xitana. A bandeira é verde e azul, simbolizando o ceo e o campo, cunha roda de carro vermella no centro, que simboliza o camiño desde a India e a liberdade.

2. O himno xitano: *Gelem Gelem*

O himno xitano, *Gelem, Gelem* (Andei, andei), foi composto por Jarko Jovanovic e lembra os xitanos e xitanas vítimas do nazismo. Algunhas das versións máis importantes e coñecidas do himno:

*Gelem, gelem lungone dromensar
maladilem baxtale Rromençar
A Rromalen kotar tumen aven
E chaxrençar bokhale chavençar
A Rromalen, A chavalen*

*Sàsa vi man bari familja
Mudardás la i Kali Lègia
Saren chindás vi Rromen vi Rromen
Maskar lenoe vi tikne chavorren
A Rromalen, A chavalen*

*Pangela la neger butar, Undivel
Te saj dikhav kaj si me manusa
Palem ka gav lungone dromençar
Ta ka phirav baxtale Rromençar
A Rromalen, A chavalen*

*Opre Rroma isi vaxt akana
Ajde mançar sa lumáqe Rroma
O kalo muj ta e kale jakha
Kamàva len sar e kale drakha
A Rromalen, A chavalen.*

3.Celebración da chamada Cerimonia do Río. Nesta, as mulleres arrojan pétalos de flores nos ríos e os homes acenden candeas en recordo dos antepasados.

4.Lectura dun comunicado institucional en recoñecemento ao pobo xitano.